

EDUARDO ALONSO RODRÍGUEZ.-

Autor, adaptador e sobre todo director teatral, Eduardo Alonso Rodríguez naceu en Vigo (Pontevedra) o 28 de Maio de 1.948. Enxeñeiro Técnico Naval pola Escola de Enxeñeiros Técnicos do Ferrol, Licenciado en Ciencias da Imaxe e Licenciado en Periodismo pola Universidade Complutense de Madrid, cursou estudos de Arquitectura na Escola Superior de Sevilla e de Arte Dramática na Escola Superior de Córdoba. Comezou a súa actividade teatral en 1.965, sendo cofundador das compañías teatrais: "TEATRO ZOO" de Madrid (1.970 a 1.977), "TEATRO ANDRÓMENA" de Santiago de Compostela (1.979), "TEATRO DO ESTARIBEL, COOPERATIVA TEATRAL GALEGA" (1.980-1.981), da produtora de cine vídeo e teatro "PRODUCCIONS DO NOROESTE" (1.986-1.991), e da compañía de teatro "TEATRO DO NOROESTE" (1.991).

En 1.984 elaborou, a instancias da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, un proxecto de Centro Dramático para Galicia, sendo posteriormente encargado de levalo á práctica, creándose así o Centro Dramático Galego do que foi primeiro director. Nese ano recibiu o premio "I MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA" concedido á persoa ou entidade que se destacase pola súa labor especial a prol do teatro galego. Foi director do CENTRO DRAMÁTICO GALEGO durante os anos 1.984 e 1.985 e neses anos este Centro configurouse como o principal organismo de produción teatral en Galicia. En 1.985 foi nomeado polo Ministro de Cultura do Goberno de España, membro do CONSEJO NACIONAL DE TEATRO. En 1.987 elabora, encargado pola Consellería de Cultura e Benestar Social, un proxecto de "INSTITUTO GALEGO DAS ARTES DO ESPECTÁCULO", organismo para a potenciación en Galicia do cine, o teatro, a danza e as artes audiovisuais. Entre os seus traballos teóricos merece destacarse: "UNHA POLÍTICA TEATRAL, ESTRUCTURAR TEATRALMENTE GALICIA", presentado e publicado no "Primeiro Encontro do Teatro Profesional", celebrado no Ferrol en xuño de 1.988, "ADAPTACIONES Y MONTAJES DE SHAKESPEARE EN GALICIA", escrito en colaboración con Mercedes González e publicado pola Universidade de Alacante como un capítulo do libro: "SHAKESPEARE EN ESPAÑA, CRÍTICA, TRADUCCIONES Y REPRESENTACIONES" de diversos autores e edición de José Manuel González Fernández de Sevilla, en Libros Pórtico, "A POSTA EN ESCENA. ASPECTOS ESENCIAIS", dentro do libro "TEORÍA E TÉCNICA TEATRAL" editado por Edicións Lailovento en 1.997. Forma parte da comisión técnica que elabora un proxecto de ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA, encargado polo Consello da Cultura Galega en 1.998. Tamén colabora no libro "SHAKESPEARE AND SPAIN" publicado en 2.002 por The Edwin Meller Press, facéndose cargo do apartado: "Some Galician Stagings Based on Shakespeare's Plays".

Como autor teatral merece destacarse entre outros os seguintes textos: "NIÑOS, NO HACER TRAMPAS" (escrita en 1.968 e estreada por Teatro Zoo de Madrid en 1.971), "MAC Y MARJORIT" (escrita en 1.968 e estreada por Teatro Zoo de Madrid en 1.970), "SIN TITULO, SIN AUTOR (EL POEMA DEL NIÑO)" (escrita en 1.969 e estreada por Teatro Zoo de Madrid en 1.970), "LA MÁQUINA QUE SABÍA HACER ACTORES", infantil (escrita en 1.977 e estreada por Teatro Zoo de Madrid no mesmo ano, "XAN, O PERRUZO" (escrita en 1.981), premio do Ministerio de Cultura de 1.981 para axuda ós xoves autores, "ATLÁNTICO" (escrita en 1.982). "O PAÍS ACUÁTICO" (INFANTIL), estreada por Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela en 2.000, esta obra obtivo Mención Especial no Premio ESTORNELA de teatro infantil na súa primeira edición do ano 2.000. Foi publicada por Edicións do Castro, A Coruña,

no ano 2.001. "ALTA COMEDIA", estreada por Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela en 2.001. "AS DAMAS DE FERROL", estreada por Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela en 2002. "ENSAIO" (escrita en 2.003 e estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.004). (Estas tres últimas publicadas no ano 2006 por Editorial Tris Tram, S.L., Lugo, baixo título xenérico de "Teatro imprevisto") "CONFESIÓN" (escrita en 2.004 e estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.005). "IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO 1936" (escrita en 2.006, estreada por Teatro do Noroeste nese mesmo ano e publicada tamén nese ano por Edicións Espiral Maior, S.L., A Coruña. Esta obra levou o Premio María Casares, concedido pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, ao mellor texto teatral na súa edición de 2.007). MARE NOSTRUM (escrita en 2008 e publicada nese ano pola Autoridade Portuaria de A Coruña, dentro do libro de textos de teatro co, lectivo "Vidas do mar"). "EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS)" (escrita en 2.007, estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.008.) Esta obra levou o premio MAX na súa edición de 2.009, concedido pola SGAE ao mellor texto teatral en lingua galega. "GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL)" (escrita en 2.009, estreada por Teatro do Noroeste nese mesmo ano e publicada tamén nese ano por Edicións Espiral Maior, S.L., A Coruña). "ÚLTIMO COWBOY" (escrita en 2.011, estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.011.) Esta obra levou o premio MAX na súa edición de 2.013, concedido pola SGAE ao mellor texto teatral en lingua galega. O texto de teatro infantil "PIRATAS", (escrita en 2.011, estreada por Teatro do Noroeste nese mesmo ano). "LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS", (escrita en 2.012, estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.013). "PALABRAS MALDITAS" (escrita en 2.013, estreada por Teatro do Noroeste no ano 2016 e accésit do premio Lope de Vega 2014. "ESTADO DE GRAZA", (escrita en 2.015, estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.017). O texto de teatro infantil: "ANIMAIS DE COMPAÑÍA" (escrita en 2.016 e estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.017). "AS VIRXES SALVAXES" (escrita en 2.018 e estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.020). "GLORIA NACIONAL" (escrita en 2.021 e estreada por Teatro do NOROESTE NO ANO 2021). "POLO DE FRANCO" (escrita no ano 2.021 e estreada por Teatro do Noroeste no mesmo ano). "ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA" (escrita no ano 2.019 e estreada por Teatro do Noroeste no ano 2.022). "GUERRA" (escrita no ano 2.022).

Como adaptador teatral realizou as versións de, entre outras, as seguintes obras: "EL PRINCIPITO" de Saint-Exupery (estreada por Teatro Zoo de Madrid en 1.971), "O ENFERMO IMAXINARIO" de Molière (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada polo Centro Dramático Galego en 1.986 e publicada en 1.987 por Edicións Xerais de Galicia, S.A.), "MEDEA" de Eurípides-Séneca-Anouilh (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada por Producións do Noroeste en 1.987 e publicada en 1.988 por Edicións Xerais de Galicia, S.A.), "AS ALEGRES CASADAS" de William Shakespeare (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada polo Centro Dramático Galego en 1.989 e publicada en 1997 por Edicións Xerais de Galicia, S.A.), "REI LEAR" de William Shakespeare (escrita en colaboración con Cándido Pazó, estreada por Producións do Noroeste en 1.990, premio COMPOSTELA na súa edición de 1.991 á mellor versión teatral realizada no ano anterior e publicada en 1.998 por Edicións Xerais de Galicia, S.A.), "TAGEN ATA", sobre un relato de X.L. Méndez Ferrín (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada por Producións do Noroeste en 1.990), "UN SOÑO DE VERÁN" de William Shakespeare (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada polo Centro Dramático Galego en 1.992 e publicada no mesmo ano por este Centro). "AS VODAS DE FÍGARO" de Caron de Beaumarchais (escrita en colaboración con Cándido Pazó, estreada por Teatro do Noroeste en 1.994 e publicada en 1995 por Edicións Xerais de Galicia, S.A.), "NOITE DE REIS" de William Shakespeare (escrita en colaboración con Imma Antón, estreada por Teatro do Noroeste en 1996), "LISÍSTRATA OU DE CANDO AS

MULLERES REVIRARON”, de Aristófanes (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada polo Centro Dramático Galego en 1996 e publicada por este Centro no mesmo ano), “FEIRANTES”, (versión escénica de algúns relatos de Álvaro Cunqueiro recollidos no libro de semblanzas: “Os outros feirantes”, estreada por Teatro do Noroeste en 1.999). "A CELESTINA, COMEDIA DOS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA", de Fernando de Rojas, (estreada por Teatro do Noroeste en 2.000). “A CACATÚA VERDE”, de Arthur Schnitzler (escrita en colaboración con Manuel Guede, estreada polo Centro Dramático Galego en 2.001 e publicada por este Centro no mesmo ano). “ROMEO E XULIETA”, de William Shakespeare (estreada por Teatro do Noroeste no ano 2007), e posteriormente estreada en 2.010 na súa versión en portugués, coproducida por Teatro do Bolhão de Porto, Centro Dramático de Viana do Castelo e Teatro do Noroeste.

Como iluminador teatral realizou os deseños de iluminación de tódolos espectáculos por el dirixidos, e tamén os dos seguintes espectáculos:

- FAS E NEFAS de Eduardo Blanco Amor, dirixido por Xan Cejudo. (Ollomol Teatro Submarino, 1.991).
- A MOSTRA de Cándido Pazó, dirixido por Cándido Pazó. (Teatro Tranvía, 1.991).
- XOGOS A HORA DA SESTA de Roma Mathieu, dirixido por Cándido Pazó. (Teatro do Malbarate, 1.992).
- CAMPO SUR, de Lino Braxe, dirixido por Elina Luaces (Teatro do Noroeste, 2.002).
- A COMEDIA DO GURGULLO, sobre textos de Plauto, dirixido por Celso Parada. (Centro Dramático Galego, 2.003).
- A PAZ DO CREPÚSCULO, de Itziar Pascual, dirixido por Cándido Pazó. (Talía Teatro, 2003).
- AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS, de Carlos Casares, dirixido por José Caldas. (Centro Dramático Galego, 2004).
- A TIXOLA POLO MANGO (MULLER, NON É PARA TANTO), de Lola Correa, dirixido por Lola Correa. (Teatro do Noroeste, 2005)
- GARCÍA, de Cándido Pazó, dirixido por Cándido Pazó. (Teatro de Adro, 2005).
- MERDA, de Ricardo de Barreiro, Rafael G. García e Xavier Estévez, dirixido por Xavier Estévez. (Sala Yago Producción, 2005).
- LA NATURALEZA DEL ANIMAL, de Marcelo Marán, dirixida por Jorge Rey. (Sala Yago Producción, 2005).
- O AVARO, de Molière, dirixida por Pedro Rubín. (Teatro Galileo, 2006).
- PERÓN, PERÓN, de Jorge Rey, dirixida por Jorge Rey. (La Internacional, 2007).
- NÁUFRAGOS, de André Roussin, dirixida por Pedro Rubín. (Teatro Galileo, 2008).
- AEROPLANOS, de Carlos Gorostiza, dirixida por Rosa Álvarez. (Lagarta, lagarta, 2008).
- SEMPRE QUIXEN BAILAR UN TANGO, de Teresa González Costa, dirixida por Pedro Rubín. (Teatro Galileo, 2010).
- LIMPEZA DE SANGUE, de Rubén Ruibal, dirixida por Arturo López. (Espello Cóncavo, 2010).
- DESFEITOS, de Febe Chaves, dirixida por Pedro Rubín. (Teatro Galileo, 2012.)
- TRES NO BAN BÁM, de Luigi Lunari, dirixida por Arturo López. (Espello Cóncavo, 2012.)
- CYRANO, de Admond Rostand, dirixida por Pedro Rubín. (Teatro Galileo, 2014.)
- BALA PERDIDA, de Manuel Rivas, dirixida por Lino Braxe e Joge Rei. (Espello Cóncavo e Títeres Cachirulo, 2016.)

Recibiu o PREMIO COMPOSTELA na súa edición de 1.992 á mellor iluminación teatral

realizada no ano anterior, polo seu deseño de iluminación do espectáculo teatral OS XUSTOS de Albert Camus e dirección propia. Recibiu o Premio MARÍA CASARES, na súa edición de 1997 á mellor iluminación teatral no ano anterior polo seu deseño de iluminación do espectáculo teatral NOITE DE REIS de William Shakespeare e dirección propia. Tamén recibiu o premio MARÍA CASARES concedido pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, a mellor iluminación teatral na súa edición de 2.007, coa obra: IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO. 1936

Como director de teatro realizou innumerables montaxes de obras de teatro, nomeando só as realizadas despois da súa volta a Galicia en 1.978:

- LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES de R.V.Bolaño. (Teatro Antroido de Santiago de Compostela, 1.978).
- LENTA RAIGAME de Francisco Taxes. (Teatro Andrómena de Santiago de Compostela, 1.979).
- BILADELA DA MORTE DITOSA de R.V.Bolaño. Espectáculo que obtivo unha mención honorífica con categoría de premio nos Premios da Crítica Galega na súa edición de 1.981. (Teatro do Estaribel, Cooperativa Teatral Galega de Santiago de Compostela, 1.980).
- CELTAS SEN FILTRO de X.L. Méndez Ferrín-Artello. (Teatro Artello de Vigo, 1.983).
- OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE de Castelao. (Centro Dramático Galego, 1.985).
- O ENFERMO IMAXINARIO de Molière. (Centro Dramático Galego, 1.986).
- XOGOS DE DAMAS de A.R. Ballesteros. (Teatro do Malbarate de Santiago de Compostela, 1.987).
- MEDEA de Eurípides-Séneca-Anouilh. (Produccións do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.987).
- O CORONEL TEN A QUEN LLE ESCRIBIR de M. Riveiro Loureiro. (Compañía Ernesto Chao de Santiago de Compostela, 1.988).
- GALICIA, S.L. espectáculo realizado coa colaboración dos autores: Manuel Rivas, Antón de Santiago, María Xosé Queizán, Manuel Guede, Xesús Campos, Antonio F. Simón e Lino Braxe. (Teatro do Malbarate-Produccións do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.988).
- DE PAR EN PAR de Franca Rame e Darío Fó. (Teatro Xalgarete de As Pontes de García Rodríguez, 1.989).
- AS ALEGRES CASADAS de William Shakespeare. (Centro Dramático Galego, 1.989). Premio COMPOSTELA na súa edición de 1.990 ó mellor espectáculo teatral realizado no ano anterior.
- REI LEAR de William Shakespeare. (Produccións do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.990).
- TAGEN ATA de X.L. Méndez Ferrín. (Produccións do Noroeste de Santiago de Compostela-Teatro Caritel de Ourense, 1.990).
- OS XUSTOS de Albert Camus e tradución de X.M. Beiras. (Produccións do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.991).
- UN SOÑO DE VERÁN de William Shakespeare. (Centro Dramático Galego, 1.992).
- A GRANDE NOITE DE FIZ (OU CHEGAN DE FRANCIA NOTICIAS PREOCUPANTES) de Miguel Anxo Murado. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.992).
- GALILEO GALILEI de Bertolt Brecht. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.993).
- A VÍA LÁCTEA de Ramón Mayrata sobre un conto de Darío Xohán Cabana, espectáculo máxico-teatral. (Produccións Máxicas de Lugo, 1.993).
- AS VODAS DE FÍGARO de Caron de Beaumarchais. (Teatro do Noroeste de Santiago de

Compostela, 1.994).

- MACBETH de William Shakespeare, en tradución ó galego de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.994).
- HISTORIAS PEREGRINAS de Miguel Anxo Murado. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.995). Finalista dos premios ADE 1995 á mellor dirección. (Asociación de Directores de Escena de España).
- NOITE DE REIS de William Shakespeare. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.996).
- LISÍSTRATA OU DE CANDO AS MULLERES REVIRARON, de Aristófanes. (Centro Dramático Galego, 1996).
- UNHA ROSA É UNHA ROSA, UNHA COMEDIA DE MEDO, de Suso de Toro. (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1997).
- EL EMBRUJADO, de Ramón María del Valle Inclán (Formando parte da montaxe teatral VALLE INCLÁN / 98, Centro Dramático Galego, 1998).
- FEIRANTES, versión escénica de Eduardo Alonso sobre algúns textos de Álvaro Cunqueiro recollidos en “Os outros feirantes” (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 1.999).
- A CELESTINA, COMEDIA DOS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA, versión libre de Eduardo Alonso sobre o texto de Fernando de Rojas (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.000).
- O PAÍS ACUÁTICO (INFANTIL), de Eduardo Alonso (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.000).
- A CACATÚA VERDE, de Arthur Schnitzler (Centro Dramático Galego, 2001).
- ALTA COMEDIA, de Eduardo Alonso (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.001).
- AS DAMAS DE FERROL, de Eduardo Alonso (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2002).
- ENSAIO, de Eduardo Alonso (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2004).
- IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO 1936, de Eduardo Alonso (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.006). Finalista dos premios ADE 2.007 á mellor dirección. (Asociación de Directores de Escena de España).
- ROMEO E XULIETA, de William Shakespeare (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.007).
- EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS) (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.008.)
- GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL), de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.009.)
- ROMEO E JULIETA, de William Shakespeare (Coprodución entre Teatro do Bolhão de Porto, o Centro Dramático de Viana do Castelo e Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.010).
- HISTORIAS PEREGRINAS, de Miguel Anxo Murado (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.010).
- ÚLTIMO COWBOY, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.011.)
- PIRATAS, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.011.)
- A TIXOLA POLO MANGO (MULLER, NON É PARA TANTO), de Lola Correa, (Chiripa Producións de Santiago de Compostela, 2.012.)
- LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.013.)
- TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL, de Roberto Vidal Bolaño, (Teatro do Noroeste de

Santiago de Compostela e Centro Dramático Galego, 2.013.)

- A MAMMA, de Lino Braxe, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.014.)
- SELECCIÓN NATURAL, de Lola Correa, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, e Tranvía Teatro de Zaragoza, 2.014.)
- PALABRAS MALDITAS, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.016.)
- ESTADO DE GRAZA (EPIFANÍA DA MALA FILLA), de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.017.)
- ANIMAIS DE COMPAÑÍA, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2017.)
- DA AVARICIA, A LUXURIA E A MORTE, de Ramón María del Valle-Inclán, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2018.)
- AS VIRXES SALVAXES, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.020.)
- GLORIA NACIONAL, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.021.)
- POLO DE FRANCO, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.021.)
- ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA, de Eduardo Alonso, (Teatro do Noroeste de Santiago de Compostela, 2.022.)

En 2.010 recibiu o premio CULTURA, na súa modalidade de artes escénicas, concedido pola Xunta de Galicia.

En 2017 recibiu o premio de honra MARISA SOTO concedido pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia a toda a súa carreira.